



Proxecto Documental Integrado “ENCENDE TELE COVIÑA”



Proxecto Documental integrado anual a nivel centro, coordinado pola biblioteca escolar.

CEIP PLURILINGÜE DE MEAÑO AS COVAS

Curso 2016-17

ÍNDICE

- 1.– Introducción.
- 2.– Obxecto ou temática de investigación propostos.
- 3.– Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.
- 4.– Documentación elaborada para profesorado e alumnado.
- 5.– Realización das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.
- 6.– Recursos e fontes consultadas para a investigación.
- 7.– Implicación da comunidade educativa.
- 8.– Difusión entre a comunidade educativa.
- 9.– Avaliación. Procedementos empregados.



1.– INTRODUCCIÓN.

1.1. Xustificación.

No curso 2016-17 a biblioteca decide escoller como tema para o proxecto documental integrado “Tele Coviña” coa finalidade de que na escola se xenerara unha canle de televisión organizada e levada polo alumnado. Un tema tan ambicioso como motivador para toda a comunidade educativa e que entre todos demos conseguido levar a cabo.

O título do proxecto “Encende Tele Coviña”, deixaba claro que a biblioteca era o lugar clave para a busca de información e investigación do mesmo. Coviña, a mascota da biblioteca, esta vez disfrazada de presentadora de televisión, sería quen guiaría e motivaría a toda a comunidade educativa.

Con este proxecto pretendiamos que o alumnado fixera un achegamento ao mundo audiovisual, mellorando fundamentalmente a súa competencia dixital, a de aprender a aprender e fomentando o espírito crítico ante os medios de comunicación.

Despois do exitoso museo de arte que se presentara como resultado final durante o curso pasado ao proxecto “Aquí todos pintamos moito”, queriamos repetir unha visita das familias similar, neste caso aos platós da nosa televisión.

Pero se temos que destacar algo nesta pequena introdución, debería ser o grao de implicación da comunidade educativa. Profesorado e alumnado na súa totalidade, profesorado do plan PROA, persoal non docente (coidadora e enfermeira), familias e incluso inspección educativa e Concello. A visita de 180 persoas o día da visita aos platós superou as expectativas.

1.2. Obxectivos

A través do proxecto o alumnado traballou multitude de contidos curriculares dun xeito motivador, pero se temos que escoller os principais obxectivos propostos destacaríamos os seguintes:

- Colaborar na formación dun alumnado capaz de ler e usar criticamente as novas tecnoloxías, redes e ferramentas dixitais.
- Fomentar a autonomía e creatividade do alumnado conseguindo que por si mesmos sexan quen de realizar xornais dixitais, programas de radio, guións, realización e edición de programas de televisión.
- Contribuír a mellorar no alumnado a competencia dixital.
- Contribuír na mellora do alumnado na competencia de aprender a aprender.
- Colaborar na mellora do proceso de alfabetización informacional.
- Fomentar o espírito crítico no alumnado e as familias, fundamentalmente cara os medios de comunicación.



- Valorar a lectura e a biblioteca como fonte de lecer e de saber.
- Fomentar o traballo por proxectos en todas as aulas.
- Adquirir coñecementos relacionados co mundo audiovisual e o seu proceso creativo.
- Crear unha canle audiovisual de difusión na escola dirixida polo alumnado.
- Desenvolver unha actitude de interese por aprender e por contribuír con iniciativa as diferentes tarefas plantexadas no proxecto.
- Contribuír na mellora da competencia en comunicación lingüística.
- Achegar e facer partícipes ás familias das novas metodoloxías implantadas na escola.

1.3. Temporalización

O PDI comezou a principios do mes de outubro e rematou o 2 de xuño coa xornada de portas abertas aos estudos de “Tele Coviña”.

O proxecto tivo tres fases moi claras:

- No primeiro trimestre tivo unha primeira fase de aproximación e curiosidade hacia o tema.
- No segundo de elaboración de investigacións e proxectos nas diferentes aulas .
- E no terceiro trimestre de preparación das exposicións orais e realización de tarefas cara a xornada de portas abertas. Unha vez rematado tivo lugar a avaliación do proxecto.

No inicio de curso a mascota Coviña enviou cartas ás clases e familias avisando da temática escollida e expuséronse os novos libros de consulta sobre televisión no andel de entrada da biblioteca.

A partir do mes de novembro solicitouse colaboración ás familias para a iniciativa do “Libro viaxeiro”, libro no que quedaron plasmadas as relexións de todas as familias sobre o que consideran boa tele ou televisión saudable.

Nas celebracións como o Nadal (a través do Belén), o Entroido (cada clase fixo un disfraz relacionado co proxecto de investigación que estaba a realizar), os Maíos..., a temática foi a televisión. Tamén houbo actividades en colaboración con EDNL como o calendario anual con temática de tele e co equipo de extraescolares, con visitas de xornalistas e persoas relacionadas co mundo da televisión. Por suposto, moitas destas celebracións e visitas foron gravadas e editadas en vídeo polo alumnado e publicadas no canal de youtube “PDI Tele Coviña”.



1.4. Contidos curriculares.

Competencias clave a desenvolver a través do proxecto.

No desenvolvemento do PDI estiveron integradas todas as competencias clave nas diferentes actividades e tarefas que se foron desenrolando. A metodoloxía foi inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. En todo o proceso intentouse que as tarefas e actividades plantexadas estiveran relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real e que o alumnado tivera claro o “para que” servían (os roles, elaboración de planos, trípticos, carteis, programas de televisión, organización e publicidade da visita aos platós... son un bo exemplo).

- **Comunicación Lingüística (CCL):** fomentouse a mellora da expresión oral a través das exposicións ás familias dos diferentes platós de televisión, comprensión lectora mediante a busca de información para os proxectos, expresión escrita a través do extracto de ideas principais e síntese da información atopada, e comprensión oral mediante a escoita activa das exposicións orais dos compañeiros/as. Durante o curso tamén se realizaron actividades de análise de producións audiovisuais, escrita posterior á visión das mesmas, lectura e expresión de emocións a través de curtas, elaboración de guións para as producións audiovisuais propias, elaboración do xornal dixital da escola, mellora na expresión escrita a través da elaboración de carteis, trípticos, invitacións, etc.



- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** Realizaronse medicións para poder elaborar o posto de información. Elaboración de planos dos estudos de televisión. A través da película “Entre lobos” traballouse a competencia científica, rematando coa apaixonante visita de Marcos Rodríguez Pantoja, protagonista da mesma.
- **Competencia dixital (CD):** utilizaronse TICs para a busca de información, seleccionando as fontes fiables para a posterior síntese e aportación aos proxectos. Foi necesaria a familiarización coas cámaras de vídeo, programas de edición de vídeo e de son, gravadora dixital e programa de prensa dixital. Tamén fomentouse a mellora na utilización das TICs a través da elaboración e posterior publicación de carteis (cunha imaxe corporativa), invitacións, trípticos, elaboración de anuncios de radio e vídeo, entradas, etc.



- **Aprender a aprender (CAA):** a aprendizaxe por proxectos estimula esta competencia desde o momento no que se fai reflexionar sobre o que se sabe, o que se quere saber e facer, onde buscamos, como nos organizarnos para atopar as respostas, que aprendemos... Estas preguntas obrigan a coñecer distintas estratexias para afrontar tarefas, estratexias de planificación, estratexias de avaliación do resultado e do proceso levado a cabo... E sobre todo fomenta que o alumno/a se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe. Podemos dicir que todo o proceso contribúe ao desenvolvemento desta competencia.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** O alumnado tivo unha participación de forma activa e construtiva na comunidade educativa e na sociedade. Desenvolveu prácticas de aprendizaxe colaborativa e prácticas baseadas no pensamento crítico e creativo. A través do proxecto o alumnado mellorou a capacidade para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** mediante a iniciativa de facer unha canle de televisión na escola o alumnado tivo que deseñar e implementar un plan, mellorando a capacidade de análise, planificación, organización e xestión, tamén a capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. Durante o proceso fomentouse a iniciativa e interese en todo o alumnado.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** En todo momento se tratou de mellorar a capacidade do alumnado para apreciar a importancia da expresión a través do mundo audiovisual. Desenrolouse a iniciativa, a imaxinación e a creatividade. O alumnado mostrou interese, aprecio, respecto, disfrute e valoración crítica das obras audiovisuais e cinematográficas.

Criterios e estándares de avaliación.

Sendo un proxecto tan amplo, claramente estánse a tratar centos de estándares de aprendizaxe, contidos e criterios de avaliación plasmados no currículo. Nomearemos, a modo de exemplo, aqueles criterios de avaliación máis relevantes, deixando moitos no camiño ao non ser posible plasmarlos todos nunha memoria deste tamaño.

Alguns dos criterios de avaliación traballados: Participar en situación de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. Producir textos orais breves, imitando modelos e atendendo á forma e a intención comunicativa. Usar, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación dun modo eficiente e responsable para presentar as súas producións, etc...

Parécenos moi importante que tanto alumnado como familias coñeza os estándares de aprendizaxe traballados durante o proceso do proxecto. Por ese motivo, todas as clases os tiveron expostos nun lugar visible para todos.



1.5. Alumnado e profesorado participante.

Este proxecto levouse a cabo grazas a implicación de todo o profesorado (18 Mestres/as) o alumnado (167 entre Infantil e Primaria), e o personal non docente (coidadora e enfermeira). Os titores/as mediante o desenvolvemento de proxectos nas súas aulas, colaboraron en todas as actividades, preparación dos platós... Os mestres/as especialistas tamén realizaron diferentes tarefas para que se poidera desenvolver o proxecto: en música prepararon un concerto para poderlo emitir en directo, tamén se realizaron e gravaron programas de “Bricomusic” (elaboración de instrumentos), en educación física realizáronse e editáronse diferentes programas deportivos, a profesora do PROA tamén participou na realización dun programa de experimentos... En orientación houbo un apoio constante a nivel metodolóxico e organizativo..

O alumnado estivo moi involucrado e motivado durante o desenvolvemento durante todo o curso do proxecto, en especial na preparación e publicidade da xornada de portas abertas. O día da inauguración o alumnado de 6º desempeñou os diferentes roles propios dunha canle de televisión : persoal de información, director, presentadores/as, cámaras, xornalistas, perruqueiras, actrices, maquilladoras, camareiros/as na cafetería, etc.

1.6. Organización para a súa realización.

O equipo de Biblioteca propuxo o tema nas liñas prioritarias de actuación presentadas para o PLAMBE a finais do curso pasado. Unha vez aprobado polo Claustro foi o equipo quen coordinou, temporalizou e organizou as diferentes tarefas levadas a cabo durante o presente curso escolar, xa planificadas en setembro no Plan Anual Lector e na PXA. As tarefas máis complicadas de organizar sempre ían acompañadas dun dossier para o profesorado e/ou alumnado.

O equipo de EDNL aportou a súa colaboración na elaboración dos calendarios e revista escolar. O equipo de Actividades Extraescolares colaborou na organización de visitas de oficios relacionados coa temática da biblioteca. Tamén na organización das celebracións relacionadas como o Belén no Nadal e o desfile de entroido. O Equipo de Dinamización das TICs colaborou na divulgación fundamentalmente a través do facebook do colexio de todas as actividades levadas a cabo. O equipo de Dirección e o Departamento de Orientación colaborou na elaboración dun horario onde estaban previstos obradoiros internivel de prensa, radio e televisión.

As familias tamén colaboraron coa elaboración do libro viaxeiro de Tele Coviña. Tamén coa súa masiva participación na inauguración dos estudos de televisión (acudindo 180 familiares) e coa súa entrada constante na canle de youtube de Tele Coviña e no facebook da escola.





2.– OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.

O PDI “Tele Coviña” propónse dende o Equipo de biblioteca para que nas aulas de levanan a cabo proxectos de investigación sobre o mundo audiovisual e se elaboraran produtos audiovisuais de creación propia. A maiores dos proxectos das diferentes aulas, a biblioteca propón outras iniciativas de investigación e tarefas, a integración do PDI nas diferentes celebracións (Nadal, Paz, Entroido, Fin de curso...) e conta coa colaboración dos demais equipos do Centro.

O produto final de portas abertas á nosa canle de televisión enriqueceu o proceso e fixo que a estes proxectos de investigación se lle uniran moitas tarefas de corte competencial sempre realizadas polo alumnado.

3– BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

O tema foi escollido en xuño de 2015 polo Claustro previa proposta de biblioteca.

En outubro e coincidindo coa apertura da biblioteca, a mascota Coviña deixa unha **caixa sorpresa** en cada clase cunha carta de motivación cara o tema da televisión, cun libro de consulta ou conto relacionado co tema e unha proposta de colaboración das familias da iniciativa do “**Libro viaxeiro**”. Ese mesmo día a entrada da biblioteca aparece adornada con Coviña como presentadora de televisión. Tamén se prepara o **andel temático** con libros de consulta e de lecer relacionados co mundo audiovisual.



Durante o mes de outubro nas titorías débátase sobre o “**Tele-Lixo**”, a tele que nos fai daño e sobre a tele boa, a tele que nos aporta: “**Tele Coviña**”. Entre toda a escola facemos dous grandes **murais** onde cada neno/a plasma a súa reflexión, frase e debuxo sobre cada un dos tipos de televisión.

Unha vez xenerada a curiosidade cara o tema en cada clase foise avanzando con diferentes **proxectos de investigación** sobre os oficios na televisión, e sobre todo de investigación de como se fan determinados programas e como se manexan as cámaras e os programas de edición de son e de vídeo. Os **obradoiros de prensa, radio e televisión** comezan o seu camiño.



No Nadal realizouse un **Belén** onde os protagonistas eran personaxes de televisión, as construcións eran edificios famosos da tele e as mascotas eran animais dos debuxos animados. A elaboración do **calendario** tamén xirou en torno á tele facendo foto-montaxes sobre programas de televisión famosos nos diferentes cursos.

En febreiro comezou a **Olimpiada do Saber** partindo novamente da biblioteca. As preguntas, nas que se fomentaba a investigación, xiraron todas en torno ao mundo da televisión. Houbo unha gran participación por parte do alumnado e moi boas respostas.

Durante este mes tamén se pon en marcha o **concurso de lemas e imaxe corporativa**. Participaron practicamente todos os cursos da escola e o curso gañador por 1º de Primaria, co lema “Encende Tele Coviña”.

No **entroido** xa tiñamos claro cada titoría que proxecto relacionado co PDI íamos investigar a fondo. Elaboramos os disfraces na escola en función do noso proxecto: en 3 anos de Musical Clan, en 4 anos Eurovisión, en 5 anos master Chef, en 1º de anuncios, en 2º de Superminiheroes, en 3º de debuxos animados, en 4º de youtubers, en 5º e 6º de reporteiros, cámaras e xornalistas. Moitos deles formaron parte despois da decoración de corredores na xornada de portas abertas. .

En marzo todo o colexio traballou a película “**Entre lobos**”. Queríamos afondar no tema do PDI relacionando o mundo audiovisual cun gran contido de ciencias: o respecto á natureza. A visita de **Marcos Rodríguez Pantoja** e a gravación da súa entrevista foi unha experiencia inolvidable na escola.



No comezo do 3º trimestre comezamos a preparar o **produto final**, a visita das familias a Tele Coviña. Cada curso escolleu **tarefas a realizar para poder levar á realidade esta iniciativa**. Propostas como anuncios publicitarios de radio, de vídeo, carteis, invitacións ás familias, a elaboración da propia taquilla, acreditacións, carteis solicitando silencio e mostrando diferentes normas, trípticos informativos, planos, carteis cos nomes dos platós, o gran cartel de entrada, reparto de roles en 6º (director, presentadores/as, camareiros, perruqueiras, actrices, maquilladoras, cámaras e xornalistas...), etc. Todo quedou repartido entre todas as aulas da escola, non significando unha carga excesiva para ninguén e conseguindo enriquecer o proceso con tarefas de corte competencial e cunha intención moi definida.



Durante o 3º trimestre seguiron desenvolvéndose os diferentes **proxectos de investigación** nas aulas, rematando o seu produto final de televisión (anuncios, documentais, entrevistas, video-clips, etc.) e decorando a clase a modo plató de televisión. Tamén se prepararon as exposicións orais para presentarlle o proxecto ás familias. **A distribución dos platós** quedou da seguinte maneira: Musical Clan (3 anos), Eurovisión (4 anos), Master Chef (5 anos), plató de Publicidade (1º), As emocións a través dos superminiheroes (2º), estudo de animación (3º), Youtubers (4ºA e 4ºB), Xornalistas e reporteiros (5º) e reparto de roles en 6º, tendo que preparar estes últimos a exposición oral das **proxeccións das pantallas** colocadas nos espazos comúns dos corredores: pantalla de publicidade, de deportes, de tomas falsas e de música. Tamén habilitamos unha **sala de peiteado e maquillaxe** onde se fixeron turnos onde dúas nenas de 6º maquillaban a nenos e nenas de Infantil, e por último, unha **sala vip** onde aparecían por sorpresa dúas nenas actuando cun monólogo con ton irónico sobre o mundo dos famosos.

O 1 de xuño fixemos un ensaio xeral onde, ademáis de perfeccionar as exposicións, todos os nenos e nenas da escola poideron aprender dos seus compañeiros/as.

O **2 de xuño** foi a inauguración de **“Tele Coviña”**. Entregábanse acreditacións por cores en grupos de 45 persoas. Dous presentadores/as de 6º levaban a través dunha ruta polos platós a ese grupo. Xuntáronse na entrada de Tele Coviña **180 persoas**, que foron recibidas con avisos emitidos pola megafonía que foran previamente escritos e gravados polos nenos/as. Unha vez repartida a súa acreditación organizáronse rápidamente en 4 grupos en total guiados polos nenos e nenas de 6º a través das diferentes rutas. Nas aulas as exposicións eran de 5 minutos, dando aviso cun cartel de que se acababa o tempo cando faltaba un minuto para rematar... As exposicións orais dos diferentes platós foron extraordinarias e a motivación do alumnado indescriptible. A organización saeu tal cual o previsto e despois de hora e media de recorrido todas as familias poideron rematar a súa visita na cafetería de Tele Coviña (nos xardíns da escola). Os xornalistas entrevistaron o seu parecer e os comentarios foron de felicitación por todo o traballo realizado. Tanto o alumnado como o profesorado sentiuse moi satisfeito pola recompensa que recibiran despois de tanto esforzo invertido.





Unha vez rematada a visita das familias, todo o alumnado asistiu á gravación dun concerto en directo no que os músicos eran os alumnos de 5º e 6º. A gravación nesta ocasión a facía o estudo profesional de “Casa de Tolos”, con tres cámaras e un estudo móbil que todo o colexio puido visitar. Como fin de festa actuou en directo para todos o artista Magín Blanco.

4.- DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O ALUMNADO E PROFESORADO.

Durante o curso o equipo de biblioteca foi aportando diferentes documentos para facilitar a posta en marcha do proxecto tanto ao profesorado como ao alumnado.

Para o profesorado:


- Plan anual de Lectura indicando as diferentes fases e temporalización do proxecto, así como tarefas concretas a realizar ao longo do curso en relación co proxecto.
- Cartas e notas da mascota Coviña ás familias coa proposta do “Libro viaxeiro”.
- Calendario anual de actividades.
- Información para o profesorado, en colaboración co DO, sobre o traballo por proxectos.
- Dossier de organización das tarefas a realizar para a publicidade e posta en marcha do produto final de Tele Coviña.
- Dossier de organización do día de ensaio xeral.
- Dossier de organización para o profesorado do día concreto de inauguración de Tele Coviña.

TEMAS A REALIZAR (HORA 10:00-10:30)	TEMAS A REALIZAR PARA O 1º DE JULIO
CARTAS PUBLICITARIAS Desarrollar e redactar dúas cartas publicitarias para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023	CARTAS PUBLICITARIAS Desarrollar e redactar dúas cartas publicitarias para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023
ANUNCIOS RADIOPHONICOS Elaboración dunha carta publicitaria para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023	ANUNCIOS RADIOPHONICOS Elaboración dunha carta publicitaria para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023
INVITACIÓNES Desarrollar e redactar dúas invitacións para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023	INVITACIÓNES Desarrollar e redactar dúas invitacións para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023

TEMAS A REALIZAR (HORA 10:00-10:30)	TEMAS A REALIZAR PARA O 1º DE JULIO
CARTAS PUBLICITARIAS Desarrollar e redactar dúas cartas publicitarias para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023	CARTAS PUBLICITARIAS Desarrollar e redactar dúas cartas publicitarias para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023
ANUNCIOS RADIOPHONICOS Elaboración dunha carta publicitaria para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023	ANUNCIOS RADIOPHONICOS Elaboración dunha carta publicitaria para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023
INVITACIÓNES Desarrollar e redactar dúas invitacións para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023	INVITACIÓNES Desarrollar e redactar dúas invitacións para a presentación do libro “Covinha Viaxeiro”. De datos que refiren que aparecen con: Covinha, Magín Blanco e a súa familia. Lema: “Covinha Viaxeiro” Data: 10/07/2023

Para o alumnado

- Caixa de Coviña con cartas e libros de televisión.
- Carteis, preguntas da Olimpiada do Saber sobre a televisión.
- Mochilas viaxeiras con libros de consulta sobre televisión así como contos ou narrativa coa mesma temática.
- Notas e carteis anunciando as diferentes actividades.
- Rutas do museo e organización das mesmas para os guías de 6º.





5.– TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS POLO ALUMNADO.

Podemos dicir que nos sentimos orgullosos de que os auténticos protagonistas no proceso deste PDI foran os nosos alumnos e alumnas. Realizaron:

- Proxectos de investigación sobre os musicais (3 anos), Europa e Eurovisión (4 anos), A alimentación e Master Chef (5 anos), A publicidade (1º), As emocións a través dos Superminiheroes (2º), Os debuxos animados (3º), Youtube (4ºA e 4ºB) e Xornalistas e reporteiros (5º). Estes proxectos implicaron busca e selección de recursos e información, organización do traballo, elaboración de textos e extracción da información máis importante, traballo cooperativo, autoavaliación, etc.
- **Produción de diferentes vídeos** (en función do proxecto elaborado en cada aula): documentais, tutoriais de youtube, entrevista a Pedro Piqueras, entrevista a Marcos Rodríguez, entrevista a Tomoko, anuncios (“Coida aos teus amigos”, “Non cazar osos”..., así como anuncios da propia Tele Coviña), bricomusic, gravación de experimentos, concertos, programas deportivos, etc. Todas estas producións poden verse no canal de youtube “PDI Tele Coviña” ou no Facebook do CEIP As Covas Meaño. A elaboración dos guións, as cámaras e a edición foi realizada polo alumnado.
- Preparación de exposicións orais en cada clase axustándose aos cinco minutos de tempo.
- Reparto de roles asumindo os mesmos: presentadores, persoal de taquilla, director, perruqueiras, actrices, xornalistas, camareiros/as... Preparación das exposicións orais dos guías, entrevistas aos pais e gravacións en vídeo dos xornalistas, entrega de acreditacións (incluso para a prensa), etc.
- Participación no concurso de lemas e imaxe corporativa. Eles idearon o lema “Encende Tele Coviña”.
- Deseño e realización de carteis publicitarios coidando a imaxe corporativa (obradoiros de prensa).
- Elaboración de cuñas publicitarias de radio (5 diferentes) para reproducir pola megafonía do colexio nas entradas e saídas. Redación dun texto breve, busca da música e gravación das voces (obradoiros de radio).
- Deseño e elaboración dunha invitación ás familias a través do programa Publisher coidando a imaxe corporativa (2º)
- Elaboración do cartel xigante co nome de Tele Coviña (Infantil).
- Guión, deseño e elaboración de vídeos promocionais para a visita de Tele Coviña (2º e obradoiros de televisión)
- Redación e elaboración do tríptico da visita aos estudos de televisión en Publisher (5º).
- Elaboración do plano dos estudos de televisión cos nomes dos platós (3º).
- Carteis do museo: Silencio, gravando, aplausos (Infantil), entrada, saída, camerinos, sala vip, nomes dos platós (2º), “Falta 1 minuto”, “Rematou o tempo” (1º)
- Elaboración das acreditacións numeradas por cores, do posto de información, carteis por cores dos guías (4ºA e 4ºB).



6.– RECURSOS E FONTES UTILIZADAS.

Debemos destacar os recursos tecnolóxicos da escola para a realización e visionado de vídeos, tamén o material audiovisual co que contamos: cámaras, gravadora dixital, trípodes, gran telón verde para utilizar o recurso do croma, cámaras adicionais prestadas para o día de portas abertas, programas de edición de vídeo e de son (Magix vídeo), programa de prensa dixital (Lucidpress), etc.

Na entrada da biblioteca estiveron expostos durante todo o curso libros de consulta e narrativa sobre a televisión e o cine. Houbo unha inversión importante do presuposto de biblioteca para este fin, pero foi bastante complicado atopar referencias bibliográficas ao respecto adaptadas aos máis cativos. Pero as fontes máis importantes foron as de internet (en moitos casos youtube) e as fontes orais. Os profesores/as, a través do PFAC, contamos coa ponencia de Seso Durán, aprendendo da súa experiencia como profesor que no seu día a día utiliza os recursos audiovisuais co seu alumnado.

Nas horas reservadas nas titorías para o uso de biblioteca era cando cada aula avanzaba no seu proxecto, buscando tanto nos libros de consulta coma nos catro ordenadores da biblioteca. Na etapa da busca de información sempre se conta con profesorado de apoio para poder ir á biblioteca en pequenos grupos.

7.– IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

O PDI puido levarse a cabo fundamentalmente polo apoio de todo o Claustro ás diferentes propostas do equipo de Biblioteca. A implicación do profesorado, por tanto, foi do 100%.

O alumnado implicouse totalmente no desenvolvemento de todas as tarefas, fundamentalmente durante o terceiro trimestre. O grao de motivación era increíble.

As familias implicáronse na participación do Libro viaxeiro, na realización das figuras e construcións do Belén, acudindo como expectadores no entroido e na visita aos platós de Tele Coviña (180 persoas en horario de mañá).

8.– DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

O medio de difusión principal foi o facebook do colexio CEIP As Covas Meaño e o canal youtube de Tele Coviña. O número de reproducións dalgúns dos vídeos en Facebook supera as mil oitocentas visitas.

Tamén veu a prensa (“Faro de Vigo” eo “La voz de Galicia”) e publicaron a nova do proxecto da escola cunha xenerosa reportaxe.

<http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2017/06/03/tele-covina-emite-dia-editado/1691522.html>

http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/arousa/meano/2017/06/03/span-langglrelaxense-desfrutenspan-nuevo-canal-meano/0003_201706A3C8991.htm



9.– AVALIACIÓN. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

Como procedementos de avaliación empregarónse fundamentalmente as reunións periódicas do profesorado (semanais, mensuais e trimestrais), reflexionando sobre o grao de adquisición dos obxectivos marcados (tanto a nivel organizativo, como pedagóxico, como social). Houbo unha revisión constante do proxecto, sendo modificado nalgún caso o calendario inicial así como engadindo e adaptando ás tarefas a desenvolver. O obxectivo máis revisado é que fóra unha realidade o traballo por proxectos nas aulas e que o alumnado fora quen realmente realizara as tarefas.

O alumnado de educación Primaria avaliou a si mesmo a través de diferentes rúbricas elaboradas polo profesorado en función do proxecto levado á cabo. Tamén houbo unha autoavaliación constante á través das assembleas e reflexións individuais. O profesorado tamén avaliou o traballo do alumnado nas aulas mediante diferentes instrumentos.

As familias avaliaron o desenvolvemento do proxecto a través da entrevista final dos “xornalistas” de 6º. O alumnado levaba un cuestionario preparado coa finalidade de medir o grao de satisfacción coa proposta e de crítica de todo o proceso. A modo de anécdota, apuntar que o comentario durante todo o curso que había nas familias era que tiñamos moi difícil superar o museo do curso anterior. Ao rematar a xornada de portas abertas de Tele Coviña os comentarios máis recollidos foron “Cada ano vos superades. Estivo moito mellor que o curso pasado”.

O grao de participación das familias, alumnado e profesorado tamén debe ter sido en conta para unha avaliación máis que positiva desta proposta da biblioteca. Anima a continuar nesta liña, tendo xa o tema previsto para o curso que vén (“Constrúe con Coviña”).

Como propostas de mellora temos como obxectivo mellorar na organización do proceso (mellor reparto de tarefas durante o curso), realizar unha elaboración de rúbricas comúns dende o equipo de biblioteca, e enquisas online para as familias e profesorado. Outra proposta de mellora é a de involucrar máis ao alumnado e ás familias no deseño de tarefas durante o proceso do proxecto.



10.– FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

A Biblioteca Escolar foi o motor do Proxecto Documental Integrado realizando tarefas co-mo:

- Coordinar e organizar dende o principio o desenvolvemento do proxecto. Realizou reunións periódicas co equipo de biblioteca, o ENDL , o equipo de TICs e o equipo de actividades extraescolares. Tamén programou reunións informativas con todo o Claustro para ir avanzando nas tarefas a realizar e avaliando o proceso.

- Buscar, seleccionar, mercar e expoñer bibliografía de consulta e narrativa referente á Televisión.

- Organizar os diferentes días de celebración en coordinación cos demais equipos: Belén, Calendario, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, visitas, xornada de portas abertas aos estudos de Tele Coviña.

- Elaborar diferentes actividades de fomento da lectura relacionadas co proxecto: mochilas viaxeiras, Olimpiada do Saber, caixas sorpresa de Coviña, concurso de lemas e imaxe corporativa...

- Organización, proposta e reparto de tarefas para o produto final.

- Avaliación do proceso.

- Difusión, coa colaboración do equipo de TICs, no facebook e no youtube da escola.

<https://www.facebook.com/CEIP-As-Covas-Mea%C3%B1o-709101825902734/?fref=ts>

<https://www.youtube.com/playlist?list=PLvptWqHZN2AnRjYuOwvxiW3vKTXzXyRoI>

<https://drive.google.com/open?id=oB8kaSrF31A6WYTNtdU4oSXlyOXM>

En Meaño, a 6 de xullo de 2017

Magoia Bodega Pérez

Coordinadora da biblioteca

Paulo Nogueira Porto

Director do CEIP Plurilingüe As Covas Meaño